



BANDO MUNICIPAL

O SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.

FAI SABER:

Resolución de data 8 de xaneiro de 2020 (BOP Nº 11 de 15 de xaneiro de 2020) do expediente Nº 2020/12997H, expediente do concello 1070/2020 na que se ESTABLECEN AS SEGUINTES MEDIDAS EN RELACIÓN CA TAXA POLO CONTROL DE VERTIDOS E TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS:

PRIMEIRO.- A oficina de recadación para calquera xestión que os administrados queiran pódense facer telefonicamente, sendo os teléfonos de contacto do Servizo de Recadación os seguintes: 988317720/24/25/26/29 - 988 25 93 85

Como consecuencia desta situación especial, establécense as seguintes medidas:

SEGUNDO.- O período de cobro da taxa polo control de vertidos e a taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos do 2020, amplíase este ano de 2 a 3 meses, quedando establecido o período de pago en voluntaria da seguinte maneira:

PERÍODO DE PAGO DA TAXA POLO CONTROL DE VERTIDOS 2020: dende o **31/07/2020** ata o **31/10/2020**.

No caso dos recibos domiciliados serán cargados a partir do 31/10/2020.

PERÍODO DE PAGO DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS 2020: dende o **31/07/2020** ata o **31/10/2020**.

No caso dos recibos domiciliados serán cargados a partir do 31/10/2020.

TERCEIRO.- No caso de AUTOLIQUIDACIÓNS, os administrados deberán comunicarse telefonicamente coa oficina de Recadación, que lles facilitará o recibo para proceder ao seu pago.

CUARTO.- Os pagos dos tributos e prezos públicos municipais farase mediante transferencia bancaria ou nos caixeiros automáticos das Entidades Colaboradoras. No caso de escoller a transferencia bancaria a oficina de recadación facilitará o IBAN da conta de Recadación onde deben realizar os ingresos.

En O Pereiro de Aguiar, a 13 de xullo de 2020.

O Alcalde, documento asinado dixitalmente

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

